

REGULAMENTO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA, UNIVERSIDADE DE A CORUÑA, POLO QUE ESTABLECE CONCESIÓN DE DISTINCIÓNS, O SEU ANAGRAMA E AS SÚAS UTILIZACIÓNS

Artigo 1

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña poderá recoñecer as súas **distincións** de acordo co procedemento determinado no presente Regulamento. A finalidade do mesmo é regular a tipoloxía, así como os requisitos materiais e procedimentais para as concesións honoríficas da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, como expresión do recoñecemento da institución a persoas físicas e/ou xurídicas, públicas ou privadas. Nas devanditas distincións utilizaranse as denominacións **INEF Galicia** e/ou **Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física**, a primeira polo seu valor histórico e pola súa condición de marca rexistrada transferida á UDC pola Xunta de Galicia no Decreto 444/2003, do 28 de decembro (DOG nº 15993 de 24.12.2003).

Artigo 2.- Descrición

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física concederá as seguintes distincións (coas características descritas no Anexo I):

- **Premios Pazos INEF Galicia**
 - Pazo INEF Galicia (PINEFG)
 - Pazo de Prata INEF Galicia (P-PINEFG)
- **Mención de Honra de Grao (MHG)**
- **Denominación de Honra da Facultade (DH)**

Artigo 3.- Rexistro das distincións

O Secretario/a da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física abrirá un **Libro de Rexistro de Distincións** no que constarán numeradas todas as distincións da Facultade que se concedan, así como todo aquilo que sexa considerado concernente á súa concesión.

Artigo 4.- Destinatarios/as do Pazo INEF Galicia (PINEFG)

O Pazo INEF Galicia concederase:

- 1) A persoas físicas ou xurídicas, cuxa labor en pro da Facultade has fagan merecedoras del. En caso de persoas físicas, poderá concederse a título póstumo.
- 2) A aqueles profesores, profesoras e membros do persoal de administración e servizos da Facultade con vintecinco anos de servizos prestados na mesma.
- 3) Aos membros do profesorado, ou do persoal de administración e servizos, que se xubilen, ou que falezan estando en activo nesta Facultade, e que prestaran servizos na mesma durante un período mínimo de cinco anos. Tamén se concederá a todos os cargos unipersoais da Facultade ao finalizar ou seu mandato.
- 4) A cada un dos invitados ou invitadas a impartir a lección inaugural do curso académico da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Artigo 5.- Destinatarios/as do Pazo de Prata INEF Galicia (P-PINEFG)

O Pazo de Prata INEF Galicia poderase conceder a persoas físicas ou xurídicas, tanto nacionais como extranxeiras, cuxo labor en pro da Facultade, dos estudos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, ou da Cultura e do Deporte en xeral, as fagan merecedoras del. En caso de persoas físicas, poderá concederse a título póstumo.

O Pazo de Prata INEF Galicia poderase conceder a persoas físicas ou xurídicas unha soa vez.

Artigo 6.- Iniciación do procedemento de concesión dos Pazos INEF Galicia

- 1) Para os supostos previstos no **art. 4, apartado 1**, a proposta de concesión farase por parte do Sr/a. Decano/a. Igualmente, a proposta da concesión poderá iniciala o Departamento de Educación Física e Deportiva, que poderá propoñer a aquelas persoas que cumpran os requisitos anteriores.
- 2) Para os casos previstos no **artigo 4, apartados 2, 3 e 4**, o expediente se iniciará de oficio polo secretario da Facultade cos datos que consten en secretaría e contrastados co Servizo de Persoal da Universidade de A Coruña. Igualmente, poderase iniciar a proposta do Departamento de Educación Física e Deportiva, que poderá propoñer a aquelas persoas que cumpran os requisitos anteriores.
No citado expediente farase constar a data na que ingresou oficialmente na Universidade da Coruña, o total de anos de servizo activo nela, con mención expresa dos prestados nesta Facultade, o desempeño de cargos de dirección (tanto na Universidade como nesta Facultade), ou calquera outra circunstancia que se considere relevante a estes efectos.
- 3) Para os supostos previstos no **art. 5**, a proposta de concesión do Pazo de Prata INEF Galicia farase a proposta do Sr/a. Decano/a, ou dun terzo dos membros da Xunta de Facultade. A proposta deberá acompañarse dunha memoria na que se expoñan os méritos e circunstancias que concorran e xustifiquen a mesma.

Artigo 7.- Concesión dos Pazos INEF Galicia

- 1) Nos casos do **artigo 4, apartados 1, 2, 3 y 4**, o expediente será elevado polo Secretario/a da Facultade á Comisión Permanente da mesma que, no seu caso, acordará a concesión da distinción. Este acordo terá que ser ratificado pola Xunta de Facultade.
- 2) Nos casos dos invitados á impartición da lección inaugural do curso, a concesión do Pazo INEF Galicia está asociada á impartición.
- 3) Nos casos do **artigo 5**, a concesión da distinción farase por acordo da Xunta de Facultade.

Artigo 8.- Comunicación da concesión dos Pazos INEF Galicia

Unha vez aprobada a concesión do premio, o Secretario/a da Facultade comunicará tal concesión, mediante oficio, ás persoas físicas ou xurídicas distinguidas, ou aos seus representantes ou familiares.

Artigo 9.- Entrega dos Pazos INEF Galicia

A entrega dos pazos farase durante o acto académico que se celebre con motivo do Patrón da Facultade, ou ao finalizar o acto académico da Lección Inaugural ou, cando así se acorde, noutro acto académico especificamente organizado para tal fin. En todo caso aplicarase a normativa do Anexo II.

Artigo 10.- Diploma acreditativo da concesión dos Pazos INEF Galicia

Xunto co premio extenderase un Diploma Acreditativo da concesión, que irá asinado polo Decano/a e o Secretario/a da Facultade, no que constará o número do rexistro correspondente.

Artigo 11.- Destinatarios/as das Mencións de Honra de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (MHG)

En cada curso académico, a Facultade concederá un máximo de **3 Mencións de Honra de Grao** aos/ás estudantes con mellor expediente académico da titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e ao finalizar o Grao. Concorrirán todos e todas as estudantes que finalizaran os estudos do correspondente plano de estudos, en todas as convocatorias pertencentes ao devandito curso académico, cunha **cualificación media non inferior a 2,8 puntos**.

A concesión destes premios se realizará en base á cualificación media realizada tal e como se procede no conxunto das Universidades españolas, e que estableza a lexislación vixente.

Artigo 12.- Requisitos para a concesión de Mencións de Honra de Grao

- 1) Ter cursado ininterrompidamente os seus estudos na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña.
- 2) Ter aprobado todas as materias durante o transcurso dos períodos lectivos correspondentes.
- 3) Non ter sido sancionado disciplinarmente.

Artigo 13.-Iniciación do Procedemento de concesión das Mencións de Honra de Grao

Finalizadas todas as convocatorias do correspondente curso académico, unha vez cubertas todas as actas, o/a Secretario/a facilitará os datos necesarios para que a Comisión Permanente realice a proposta á Xunta de Facultade para a súa aprobación, se procede.

Artigo 14.- Diploma acreditativo das Mencións de Honra de Grao

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física concederá a estes/as estudantes un Diploma Acreditativo, que irá asinado polo Decano/a e o Secretario/a da Facultade, no que constará o número de rexistro correspondente.

Artigo 15.- Entrega dos Diplomas acreditativos das Mencións de Honra de Grao

A entrega farase durante o acto académico da Lección Inaugural ou no acto de entrega de diplomas de fin de Grao, sempre no curso académico seguinte ao que foron concedidos.

Artigo 16.- Denominación de Honra da Facultade

Ocasionalmente, a proposta do Decano, ou da metade dos compoñentes da Xunta de Facultade, establecerase a denominación nominalizada dun aula, espazo físico-deportivo, laboratorio, rúa, praza, xardín, atrio, etc., na honra dunha persoa física ou xurídica de influencia trascendental para a Facultade, ou para a Educación Física e/ou Deportiva, ou o seu estudo. No caso de persoas físicas, so se poderá conceder a título póstumo.

A proposta deberá ser aprobada, acompañada de memoria xustificativa, pola maioría absoluta da Xunta de Facultade.

Artigo 17.- Procedemento para as Denominacións de Honra

A placa correspondente levará a denominación: "Aula.....", "Rúa.....", "Praza", "Laboratorio.....", seguido do nome da persoa física ou xurídica.

A placa correspondente colocase en acto público coincidente cun acto académico como a Lección Inaugural do curso, do Patrón da Facultade, entrega de diplomas de final de carreira ou, cando así se acorde, noutro acto académico organizado para tal fin.

Cando se trate de persoas físicas comunicárase e invitarase aos familiares máis cercanos e localizables; cando se trate de persoas xurídicas comunicárase e invitarase aos seus representantes legais.

Artigo 18.- Anagrama da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

O anagrama identificativo da Facultade é a representación en plumilla do Pazo, realizada e doada polo Prof. Ricardo Pérez y Verdes, incorporándose a denominación da Facultade. A descrición gráfica incorpórase no Anexo I.

Artigo 19.- Permanencia das concesións

As Distincións xa outorgadas terán carácter permanente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.-

Dentro dos 30 días da entrada en vigor do presente Regulamento, establecerase o **Libro de Rexistro de Distincións**. No devandito libro anotaranse como distinguidos/as a todas aquelas persoas ás que lle fose de aplicación o **artigo 4**, con carácter retroactivo (ANEXO III) ata 2008, certificando a concesión e comunicándoo por escrito á persoa ou aos seus familiares, se fose o caso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.-

O **Pazo INEF Galicia** concederase ás persoas citadas no ANEXO III, polos seus servizos prestados ao INEF Galicia na súa creación ou desenvolvemento, ou por facilitar a súa integración como Facultade na Universidade de A Coruña.

ANEXO I

Descrición Pazos INEF Galicia

- Pazo INEF Galicia (PINEFG): O Pazo INEF Galicia é unha reprodución en cor bronce do anagrama aprobado neste Regulamento, ademais figurará a denominación da Facultade, do INEF-G, o nome da persoa distinguida e o ano. Sobre pedra granítica de Galicia.
- Pazo de Prata INEF Galicia (P-PINEFG): O Pazo INEF Galicia é unha reprodución do anagrama en cor prata aprobado neste Regulamento, ademais figurará a denominación da Facultade, do INEF-G, o nome da persoa distinguida e o ano. Sobre unha placa.

Descrición Mención de Honra de Grao (MHG)

- Diploma escrito donde figurará unha reprodución do anagrama aprobado neste Regulamento, ademais figurará a denominación da Facultade, do INEF-G, o nome da persoa distinguida e o ano. Cos anagramas distintivos da UDC, asinado polo/a Decano/a da Facultade e o Secretario/a

Descrición Denominación de Honra da Facultade (DH)

- Certificado escrito donde figurará unha reprodución do anagrama aprobado neste Regulamento, ademais figurará a denominación da Facultade, do INEF-G, o nome da persoa distinguida e o ano. Indicando a estancia (rúa, praza, aula, unidade, etc..) adicada. Cos anagramas distintivos da UDC, asinado polo/a Decano/a da Facultade e o Secretario/a

Reprodución da imaxe do anagrama:



ANEXO II

Norma 1

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña regulamenta os principais actos e protocolos académicos que se celebran na mesma:

- **Lección Inaugural do curso académico**
- **Entrega de Diplomas de Final de Grao**
- **Lectura pública de traballos Fin de Grao**
- **Lectura pública de Teses de Doutoramento**
- **Entrega de Distincións**

En todos eles aplicarase a lexislación e normativa específica vixente.

Norma 2

Todos os actos e protocolos serán aprobados en Xunta de Facultade, serán presididos polo/a Reitor/a da UDC, ou persoa que o represente, ou polo/a Decano/a da Facultade.

Norma 3

A Lección Inaugural será encargada polo/a Decano/a a unha ou varias persoas de especial relevancia na cultura, as artes ou o deporte.

No curso académico no que un/ha Profesor/a se xubile, encargaráselle a Lección Inaugural.

No caso de xubilación de varios profesores, encargaráselles a todos eles, quenex xunto ao Decano/a decidirán que un deles lea o acordado por todos os invitados.

Norma 4

A Lección Inaugural, o Acto de Fin de Carreira, as Lecturas públicas de Traballos de Fin de Grao, e as Teses de Doutoramento serán actos suficientemente publicitados, procurando a asistencia maioritaria de estudantes, profesores e investigadores.

Norma 5

As Lecturas de Traballos de Fin de Grao e de Teses de Doutoramento celebraranse na Facultade, habilitándose unha Estancia de Graos para tal efecto.

Norma 6

Os/as estudantes que obtiveran unha cualificación de Sobresainte no Traballo de Fin de Grao serán invitados/as a presentalo nas ***Xornadas Teoría e Práxis da Educación Física e do Deporte***, que formarán parte das actividades previstas do Traballo Final de Grao do curso seguinte.

ANEXO III

O **Pazo INEF Galicia** concederase con carácter retroactivo (ata 2008) en aplicación da Disposición Adicional 2ª, polos seus servizos prestados ao INEF Galicia na súa creación ou desenvolvemento, ou por facilitar a súa integración como Facultade na Universidade de A Coruña, as persoas citadas a continuación:

Proposta Pazo de Prata INEF G (P PINEFG), ata 2008

Xunta	Presidente	Gerardo Fernández Albor
Diputación A Coruña	Presidente	Enrique Marfany Oanes
Xunta	Presidente	Manuel Fraga Iribarne
Xunta	Presidente	Fernando González Laxe
Xunta	Presidente	Emilio Pérez Touriño
Xunta	Vice-Presidente	Anxo Quintana
UDC	Reitor	José Luis Meilán Gil
UDC	Reitor	José Mª Barja Pérez
Xunta	Conselleiro Presidencia	Jaime Pita
Xunta	Secretario X. para o Deporte	Eduardo Lamas Sánchez
Arquitecto	Arquitecto Pazo (póstumo)	Alejandro De la Sota

Proposta Pazo INEF G(PINEFG), ata 2008

UDC	Vicerreitora	Rosa Fernández Esteller
UDC	Vicerreitor	Jorge Teijeiro
INEF G	Director	José González
INEF G	Director	José Manuel Cardesín
INEF G	Director	Francisco Camiña
Xunta	Xerente INEF G	Crisanto Lamela
Lección inaugural (entregado)	Presidente Consello da Cultura Galega	Carlos Casares
Lección inaugural (entregado)	Escritor	Alejandro Gándara
Lección inaugural (entregado)	Ilustrador	Miguelanxo Prado
Lección inaugural (entregado)	Xornalista	Bieito Rubido
Lección inaugural (entregado)	Alpinista	Chus Lago
Lección inaugural (entregado)	Medalla Oro XX. OO. Atenas 2004	David Cal, Suso Morlán
Lección inaugural (entregado)	Adestrador XX. OO.	Xesús Carballo
Lección inaugural (entregado)	Secretario de Estado del Deporte	Jaime Lissavetsky
Lección inaugural (entregado)	Presidente COE	Alejandro Blanco
Lección inaugural (entregado)	Medalla Oro XX. OO. Beijing 2008	F. Echávarri, A. Paz, A. Ripoll
INEF G	Xubilado (postumo)	José Ramirez
INEF G	Xubilado	Francisco Nieves
INEF G	Xubilado	Andrés Casado
INEF G	Xubilado	Antonio Aldao